

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 108. Xaneiro 2015. Distribución gratuíta

Protestas por unha balsa de augas fecais a carón do IES



O PSOE solicita ante o Concello e o Parlamento galego que se investigue a causa dos vertidos e se aclare se a contaminación puido chegar ao Furelos. Os veciños aseguran que a situación vén de vello. P11

Premio de Nadal de 2.000 euros busca propietario



Segue sen aparecer o titular do 27.320, número agenciado co primeiro premio do sorteo de Nadal de Asetem. A falta de dúas semanas para que peche o prazo, só apareceron 9 dos 22 galardóns concedidos. P3

EMPRESA

Vantaxes en materia de seguridade para os socios de Asetem P5

COMARCA

Alugan terreos no Careón para salvar plantas en perigo de extinción P13

CULTURA

Un pequeno conto para repasar como foi o Nadal en Melide P20

ENTREVISTA



Susana Carril,
Produtos de estética

Melide terá en menos dun mes protectora de animais



Asoc. Asist. Protectora de cans abandonados de melide

Un colectivo de amantes dos animais ultima os trámites para constituír unha asociación e dar garantías e cobertura legal ao coidado de cans abandonados, actividade que fan de xeito altruísta dende hai anos. P11

O bautismo dunha rúa levanta ampolas en Santiso



O goberno tripartito ten intención de poñerlle o nome do exalcalde Ramón Villar Edreira á vía que atravesa o lugar de Balada. O PP critica o “cambio de postura radical” de BNG e PSOE sobre este asunto. P13

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE**

25 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

A cara visible dos recortes



É un costume san observar e sacar conclusións da realidade que nos rodea. Para iso, o centro de saúde de Melide dá moito de si. Cada pouco tempo salta á palestra das conversas e do debate político polas máis variadas razóns: cando non cae unha porta, avaríase a caldeira da calefacción, cando non chove dentro del, esgótase o gasoil...

Agora é cuestión do subministro eléctrico, que estivo cortado dúas horas ou vinte minutos (segundo quen o conte) por mor da pésima situación das instalacións ou da sobrecarga dos automáticos a conto de tanta estufa (tamén segundo quen o conte). Como xuíces hai moitos, traemos aquí as evidencias empíricas, que están ao alcance de calquera paciente. Ninguén nega

que o ambulatorio presenta moitas carencia. Tantas, que o converten a día de hoxe nunha das principais necesidades do concello de Melide. Repetidamente presupostada e nunca executada, agora a construción do novo ambulatorio xa desapareceu directamente dos orzamentos da Xunta. Unha vítima dos recortes con consecuencias directas sobre os veciños e veciñas do municipio.

Indo do pequeno ao grande, do municipal ao autonómico, sorpréndenos por máis que se repita con certa frecuencia a saturación do servizo de urxencias do hospital Meixoeiro de Vigo. O persoal sanitario fai folga para demandar un médico máis e evitar o colapso do servizo. A xerencia non ten onde meter aos pacientes porque pechou habita-

cións para aforrar en plantilla e envíaos á privada. O presidente da Xunta pide perdón, aínda que lle bota a culpa á gripe. 100 persoas agardando a seren atendidas e 6 horas de espera. Recortes.

Subindo un chanzo máis, atopamos a problemática dos enfermos crónicos de hepatite C, complexa por todas as variables que inflúen nela pero que nos deixa unha imaxe impactante e aterradora: a de pacientes esixindo na rúa que esa sanidade que proclaman gratuíta e universal lles cubra un medicamento necesario para seguir con vida.

Todo isto conforma a cara visible dos recortes, que ben podería ser a da caveira ca gadaña. Non é por casualidade que cada vez se ve máis ese lema que di: os recortes matan.

Tribuna de opinión

O foguete e a pluma

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Acontece en moitas ocasións que Galicia sempre acaba á cola dos beneficiados ou á cabeza dos prexudicados. Que cada quen o interprete ao seu modo. E pasa mesmo cando se trata de boas noticias para os petos de todos os cidadáns, como é o caso do descenso no prezo dos carburantes que se vén producindo nos últimos meses. Un descenso continuado pero insuficiente, sobre todo para os galegos e galegas, que pagamos con respecto ao resto de España 4,8 céntimos de euro en litro adicionais por mor do imposto autonómico.

A maiores, e segundo o último informe da Comisión Nacional do Mercado da Competencia, Galicia ten o triste mérito de albergar 44 das 50 estacións de servizo máis caras de España. Entre unha

cousa e outra asistimos a unha discriminación intolerable para os cidadáns de a pé en xeral e para os transportistas e profesionais da estrada en particular.

A patronal das petroleiras argumenta que o 46% do prezo final dos carburantes son impostos e que non hai marxe para maiores baixadas... pero todos coñecemos xa as súas clásicas xogadas con efecto: as subas chegan aos surtidores coma foguetes e logo baixan coma unha pluma (efecto foguete-pluma); os luns baixan os prezos e van subindo pola semana (efecto luns); pagamos máis en vésperas de festivos, pontes e meses de verán (efecto vacacións).

Semella que tamén nisto somos reféns en mans de grandes poderes.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: María Mellid, Xabier Pazo, Xosé Núñez

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Cousas Novas reparte o “gordo” de Asetem

Caeu no número 27.320. O segundo premio, de 1.000 euros, deuno Viñoteca Ribeirao

Acontece moitas veces que tanta ilusión ten quen entrega un premio coma quen o recibe. Tal sucede entre o comercio de Melide, que tras máis dun mes repartindo rifas entre os seus clientes, agarda impaciente o resultado do sorteo de Nadal de Asetem. Nesta ocasión a fortuna estivo do lado de Cousas Novas, a tenda multiprezzo da Rúa do Convento que entregou a papeleta co número 27.320, premiada con 2.000 euros.

Semella que a sorte estaba toda nesa rúa pois, dun establecemento situado poucos metros máis adiante, Viñoteca Ribeirao, saíu o boleto agraciado co segundo premio, dotado con 1.000 euros. Foi para o número 2.465. Máis en cuestións de sorte poucos establecementos están á altura de Librería Cousas, de onde saíron 6 dos 22 premios que

entrega Asetem a través da campaña *Este Nadal toca en Melide*; unha cifra considerable tendo en conta que nesta 15ª edición participaron 55 negocios e se repartiron un total de 47.000 rifas.

Entrega de premios

Realizado o sorteo, abriuse un prazo para que os clientes presenten as rifas premiadas, tanto as titulares como as extraídas en calidade de reserva. Deberán facelo nas oficinas de Asetem, en horario de mañá, antes do día 30 de xaneiro. Con posterioridade, serán convocados para o acto de entrega de premios, que se celebrará na primeira quincena de febreiro e no que recibirán vales de 50 euros para consumir en calquera dos establecementos que participaron na campaña.



Compoñentes do Swing Dominicano remexendo as papeletas



Xacobe Pérez conversando cos acordeonistas de Herba Grileira

Un sorteo con gala

O remate da campaña de Nadal tivo esta edición un cariz diferente pois, logo de 14 anos, o sorteo saíu por primeira vez do salón de actos de Asetem para celebrarse na Casa da Cultura e adquirir unha maior dimensión. A idea da patronal era poñerlle un broche de ouro á iniciativa con máis repercusión de todas as que organiza e nesa intención contou co apoio da Concellería de Promoción Económica. Deste xeito, a extracción ante notario dos boletos enmarcouse nunha gala musical aberta ao público que, como sinalou o presentador do acto, Xacobe Pérez, non só foi a gala dos comerciantes senón tamén “a gala dos consumidores”. Actuaron o grupo Swing Dominicano, Fátima Lea, Irene Ruiz e as acordeóns de Herba Grileira.



Secundino Rodríguez: “fai moita ilusión entregar calquera premio pero se é o primeiro, aínda máis”

Xa o ano pasado a sorte petou na porta de Cousas Novas, cando repartiu un premio de 100 euros. Foi un pequeno anticipo do que había suceder este ano: 1º premio e 2.000 euros para un dos seus clientes. “Foi unha gran ilusión e estamos moi contentos por telo dado”, sinala Secundino Rodrí-

guez, o titular do negocio.

Socios de Asetem dende hai 7 anos, Cousas Novas participou dende o primeiro momento na campaña Nadal, á que lle recoñece unha grande efectividade: “para nós é unha das máis importantes que está desenvolvendo Asetem; é unha campaña que funciona, notas

que o cliente a coñece e que lle gusta recibir rifas”.

Falta agora por saber se finalmente aparecerá a persoa agraciada: “non temos nin idea de quen pode ser”, confesan, “aquí vén moita xente de fóra, pero en xeral lévalles ansia comprobar os números e confiamos en que apareza”.

(CONSULTA NA PÁXINA 6 A LISTA CON TODOS OS NÚMEROS PREMIADOS)



!!NUEVO!! COSALUD VITAL

“ASISTENCIA SANITARIA PRIVADA”

Cuadro médico propio con más de 25.000 profesionales

Desde el 15% de descuento en tu Seguro Vida hasta el 31 de Diciembre*. Tráenos tu póliza actual o pregúntanos si aún no disfrutas de ella.

* Ver condiciones de oferta en la oficina

**SEGUROS DENTALES
DESDE ¡¡¡ 36 € !!!**

(Limpieza bucal anual incluida, coste aproximado 40€)

Rodrigo Fernández Pombo

Agente de seguros exclusivo

Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra

Nº 113 Bajo - 15800 Melide


Tlf/ Fax: 981506495

Móvil: 678055942

rodrigofernandez@segurosbilbao.com



Nas rebaixas, escolle Melide



Asetem e Sistemas de Seguridade A-1 asinan un convenio anual con vantaxes para os socios

As empresas e negocios asociados a Asetem poderán actualizar e mellorar ao longo de 2015 os sistemas de seguridade dos seus establecementos a prezos reducidos.

A oportunidade bríndalla a propia patronal a través dun convenio de colaboración que a xunta directiva acaba de asinar coa empresa compostelá Sistemas de Seguridade A-1. Dito acordo, que terá vixencia ata finais de ano, inclúe vantaxes para os asociados en materia de “seguridade, mantemento e vixilancia”, con descontos do 10% en múltiples servizos e prezos especiais na instalación ou substitución de sistemas.



Manuel Vázquez, presidente de Asetem, e Juan Toledo, representante de Seguridade A-1

O único requisito para acollerse ao convenio é estar ao día no pago das cotas. Os negocios

interesados deberán contactar con A-1 chamando ao 660 684 661 e preguntando por Juan

Toledo. Deben indicar a súa condición de asociado e a referencia 137/14.

Asetem inclúe o lema “Aberto os domingos” na nova remesa de bolsas comerciais

Nos próximos días os clientes do centro comercial aberto de Melide comezarán a recibir cando vaian de compras as novas bolsas de Asetem, que ademais lo logotipo da patronal incorporan desta volta unha lenda: “aberto os domingos ata as 14:00”. Con esta pequena medida, Asetem quere contribuír á difusión dunha das peculiaridades do comercio local; o feito de abrir todos os domingos do ano.

As bolsas xa están a disposición dos socios, que poden mercalas acudindo ás oficinas de Asetem. Hai tres tamaños (pequeno, grande e mediano) e o prezo de cada unidade é de 0,12 euros.

SERVIZOS CON VANTAXES PARA OS NEGOCIOS ASOCIADOS

- Substitución dos sistemas de Seguridade anti-roubo antigos co PIM 3 Renove, aforrando o desembolso do equipo.
- A instalación dun sistema de seguridade novo de roubo ou incendio suporá o mantemento dos extintores do local de maneira gratuíta durante un ano.
- Tarifa de revisión dos extintores de polvo ABC 6 kg: 4 euros por extintor durante o primeiro ano.
- Caixas fortes: desconto dun 15% sobre a tarifa.
- Circuito pechado de TV: desconto dun 10% sobre a tarifa.
- Portas acoirazadas: desconto 10% sobre a tarifa.
- Instalación de extinción de incendios en campás extractoras de cociña: desconto do 10% sobre a tarifa.
- Sistema de control de flotas por GPS: bonificación do software, valorado en 200 euros.
- Proxectos de enxeñería bonificados no caso de que sexa Seguridade A-1 quen execute a instalación.
- Sistema de localización SOS de persoas maiores: bonificación da licenza de software.
- Sistema de Néboa de Seguridade: desconto dun 10% sobre a tarifa.



Hostaleiros asociados póñense ao día na normativa sobre alimentos alérxenos

O ano 2015 comeza con novidades para o ramo da hostalería e da alimentación. A entrada en vigor a nivel europeo dun novo regulamento sobre alimentos susceptibles de provocar alerxias, obriga ás empresas e negocios do sector a cumprir novas pautas de manipulación, elaboración e almacenaxe de produtos.

Co obxectivo de facilitarlle aos hostaleiros asociados a información necesaria sobre os novos requirimentos, Asetem desenvolveu a través de H&M

Global Consultores varias xornadas formativas nas que os participantes aprenderon os aspectos básicos da normativa.

Adaptar as cartas

Unha das cuestións ás que terán que prestar especial atención será ás cartas dos menús, nas que deberán de declarar todos os ingredientes dos produtos que ofrecen, especificando aqueles alimentos que poden provocar alerxias ou intolerancias alimentarias. Entre os máis comúns ató-

panse cereais que conteñan glute, crustáceos, o ovo, o leite e os seus derivados, o peixe ou os froitos secos.

Parte da formación centrouse na interpretación das etiquetas, no correcto almacenamento dos produtos ou na manipulación axeitada dos mesmos, xa que calquera erro na cadea pode provocar o que se coñece como “contaminación cruzada” e derivar nunha reacción alérxica do consumidor. O novo regulamento sobre alimentos alérxenos afecta



Socios e socias de Asetem asistindo a unha das xornadas do curso

a restaurantes, bares, panaderías, pastelerías, carnicerías, peixerías, comercios de venda a granel e postos ambulantes.

ESTE NADAL TOCA EN MELIDE Números premiados

1º PREMIO - 2.000 EUROS

27.320 (Cousas Novas)

Reserva: 29.256 (Librería Cousas)

2º PREMIO - 1.000 EUROS

02.465 (Viñoteca Ribeirao)

Reserva: 10.523 (Perfumería Lyss)

PREMIOS DE 200 EUROS

05.475 (Romero Zapaterías)	> Reserva: 16.853 (Froitas Olga)
09.599 (Bodegas Mejuto)	> Reserva: 28.100 (Tintorería Iris)
14.955 (Eurocadena)	> Reserva: 22.414 (Zapatería Tanuska)
19.629 (Librería Cousas)	> Reserva: 39.495 (Calzados Broz)
19.744 (Librería Cousas)	> Reserva: 31.729 (Librería Cousas)
22.562 (Zapatería Tanuska)	> Reserva: 14.508 (Pescados Abel)
25.428 (Imprenta Meligraf)	> Reserva: 15.097 (Eurocadena)
28.700 (Bodegas Mejuto)	> Reserva: 39.021 (Librería Cousas)
29.547 (Librería Cousas)	> Reserva: 02.560 (Viñoteca Ribeirao)
39.621 (Calzados Broz)	> Reserva: 03.687 (Santín&Amo Perruqueiros)

PREMIOS DE 100 EUROS

13.264 (Muebles Paula)	> Reserva: 32.770 (Xoiería Roval)
13.582 (Muebles Paula)	> Reserva: 15.917 (Lácteos Terra de Melide)
14.933 (Eurocadena)	> Reserva: 03.620 (Santín&Amo Perruqueiros)
18.095 (Xoiería Oro Ley)	> Reserva: 38.471 (M & M)
20.188 (Librería Cousas)	> Reserva: 15.129 (Eurocadena)
33.971 (Calzados Broz)	> Reserva: 29.556 (Librería Cousas)
36.904 (Calzados Broz)	> Reserva: 13.802 (Casa Santos)
37.424 (Angarela)	> Reserva: 35.017 (Bodegas Mejuto)
38.823 (Librería Cousas)	> Reserva: 18.879 (Xoiería Oro Ley)
39.008 (Librería Cousas)	> Reserva: 13.359 (Muebles Paula)

Talleres, filloas, agasallos e Os Bolechas, no Mercamelide

Os días 31 de xaneiro e 1 de febreiro

Unha nova edición do Mercamelide chegará ao Pazo de Congresos os vindeiros días 31 de xaneiro e 1 de febreiro para poñer o colofón final á campaña de rebaixas nos comercios da vila. Como xa é habitual e de sobras coñecido para clientes e veciños, daranse cita neste evento máis de 30 negocios que ofrecerán todo tipo de produtos con prezos moi rebaxados.

Pero dende hai tempo o Mercamelide é algo máis que unha feira de saldos; converteuse tamén nun espazo de lecer que non deixa de ofrecer sorpresas cada ano. Esta edición non ía ser menos e a principal novidade virá da man de

Os Bolechas, os personaxes ideados polo debuxante Pepe Carreiro que visitarán a feira o domingo para facer un taller de ilustración. Previamente, nos colexios da vila farase un concurso de debuxo para nenos entre 3 e 10 anos baixo o título "Mercado en Melide".

Por outra banda, a tenda Mis Mejores Labores regalará cestas con artigos para bebé a todas as mozas que teñan un cativo acabado de nacer ou vaian ser nais proximamente. Ademais, volverá a máquina filloeira de Lestedo o domingo e sortearanse 500 euros máis 2 cestas con produtos da terra. Sogama instalará unha aula de reciclaxe.



Os Bolechas visitarán Mercamelide o domingo 1 de febreiro

REFORMA FISCAL 2015

NOVIDADES IRPF

1. Reducións rendementos irregulares: diminúese do 40% ao 30% a redución establecida para rendementos notoriamente irregulares ou de xeración nun período superior a 2 anos.

2. Aluguers: elimínase a redución do 100% aplicable ao aluguer de vivenda a xoves.

3. Actividades económicas: establécese como límite máximo do importe de gastos de difícil xustificación en 2.000 euros anuais. Perde vixencia a redución da base imponible por creación ou mantemento de emprego.

4. Ganancias patrimoniais (maiores de 65 anos): ata agora, estaban exentas as ganancias patrimoniais que se xeraban coa transmisión da vivenda habitual en contribuíntes maiores de 65 anos. Coa reforma, todas as ganancias por transmisión de elementos patrimoniais estarán exentas sempre que o importe da operación se destine a constituír unha renda vitalicia.

5. Deducións: suprimense as deducións por conta-aforro empresa e por aluguer da vivenda habitual (consérvanse para contratos vixentes celebrados con anterioridade ao 31 de decembro de 2014 e que tiveran dereito a dedución en períodos anteriores).

6. Novos impostos negativos: créanse novos impostos negativos a favor de contribuíntes que realicen unha actividade por conta propia ou allea. Poderase diminuír a cota diferencial do imposto nas seguintes deducións:

- Descendentes ou ascendentes con discapacidade con dereito a aplicación do mínimo por eles, ata 1.200€ anuais por cada un.

- Familia numerosa de categoría xeral, ata 1.200 € anuais cando se forme parte dela.

- Familia numerosa de categoría especial, ata 2.400 € anuais cando se forme parte dela.

7. Retencións: a percepción anual de rendementos do traballo máxima sobre a que non existe obriga de reter increméntase de 11.200 a 12.000 €. Modifícanse as porcentaxes de retención sobre rendementos do traballo, existindo unha escala para o 2015 e outra con porcentaxes máis baixas a partir do 2016.

As porcentaxes de retención sobre rendementos de actividades profesionais, cursos, conferencias, coloquios ... será do 19% en 2015 e 18% a partir do 2016. Porén, para actividades profesionais cuxos rendementos íntegros do exercicio anterior sexa inferior a 15.000 euros pódese aplicar unha retención do 15%. As porcentaxes de retención do capital mobiliario, arrendamentos, ganancias e perdas patrimoniais serán do 20% para 2015 e 19% a partir do 2016.

8. Pensións procedentes do estranxeiro: os contribuíntes que non declarasen na renda as pensións recibidas do estranxeiro, poden presentar declaracións complementarias sen recargo, intereses de demora e sancións no primeiro semestre do 2015.

Do mesmo xeito, para as declaracións presentadas antes do 1 de xaneiro de 2015 e fóra do prazo regulamentario, regularizando ditas pensións condonaranse os recargos, intereses e sancións derivadas de dito incumprimento. Os contribuíntes que pagasen intereses de demora, sancións ou recargos de prema

por presentación fóra de prazo das pensións estranxeiras deberán solicitar no primeiro semestre do 2015 a devolución dos citados importes.

NOVIDADES IMPOSTO DE SOCIEDADES

1. Contribuíntes: no exercicio 2016 pasarán a tributar por este imposto as sociedades civís con obxecto mercantil. Habilítase un período (os 6 primeiros meses do 2016) para poder disolver estas sociedades civís con vantaxes fiscais.

2. Tipo de gravame: establécese con carácter xeral o tipo impositivo do 25% (anteriormente era 30%), equiparando así a tributación das grandes empresas coas de reducida dimensión.


3. Nova obriga de presentar o imposto: elimínase a non obriga de declarar que existía para as entidades parcialmente exentas cando se cumprían unhas condicións. A partir do 2015 quedarán obrigadas a presentar declaración en todo caso asociacións de veciños, de pais e nais, culturais, sociais...

NOVOS LÍMITES DE MÓDULOS

Redúcense os límites para o 1 de xaneiro de 2016: O volume de ingresos pasa de 450.000 a 150.000 € e de 300.000 a 250.000 € en actividades agrícolas, forestais e gandeiras. Se o contribuínte emite facturas a empresarios e profesionais, estas operacións non deben superar 75.000 euros anuais.

OUTRA NORMATIVA DE INTERESE

Exonérase de presentar o resumo anual de IVA aos contribuíntes de módulos e aos arrendadores de inmoables, que deben incluír a información da actividade e o volume de vendas no modelo do 4º trimestre.



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Floristería Tarrío

R/ Amador Rodríguez, 7 - MELIDE
Tifs: 981 506 164 / 666 493 849
info@floristeriatarrío.com

CUPÓN DEL MINUSVALIDO



MICOAS

Telf.: 609 035 151
www.micoas.es

PRODUCTOS ALIMENTICIOS

MELLA, S.L.

Tfno.: 981 587 136
c/. Gutenberg, nave 6 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 981 506 068
c/. Juan XXIII, 49 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Pulperia EZEQUIEL e hijos

Avda. de Lugo, 48
Tlf: 686 583 378
MELIDE

Amplias instalaciones
para celebración de todo
tipo de eventos privados

Pulpo
Bacalao
Langostinos
Gambas al ajillo
Carne "ao caldeiro"
Oreja de cerdo
Chuletillas de cordero
Ensalada mixta
Pincho Moruno
Chuleta de ternera
Churrasco



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)



Que servizos ofrece Asetem?

- **Asesoría xurídica, fiscal e laboral**

Resolve gratuitamente todas as túas dúbidas de man dos profesionais cualificados da Confederación de Empresarios da Coruña, da Federación Galega de Comercio e da Federación de Autónomos de Galicia, organismos nos que estamos integrados.

- **Información e tramitación de axudas**

Achegamos de forma puntual información sobre todas as subvencións e liñas de axuda ofertadas dende os diferentes organismos. Se o precisas, tramítámosche as solicitudes de xeito gratuito. Tamén informamos sobre os cambios legislativos de relevancia.

- **Organismo acreditado**

Asetem é un organismo acreditado para a realización de cursos oficiais de manipulador de alimentos, bienestar animal e transporte de animais vivos. Estamos habilitados para intervir como árbitros ante calquera conflito que se dirima no Instituto Galego de Consumo.

- **Un espazo de comunicación**

A asociación de empresarios é a responsable do Xornal Cerne, publicado mensualmente dende 2004 como unha ferramenta de difusión da actividade comercial e de información plural para a veciñanza. Na nosa páxina web tes outra canle de comunicación e tamén un espazo para o teu negocio.

- **Convenios con garantías**

Accede a vantaxes na contratación de servizos para o teu negocio grazas aos convenios que asinamos con entidades como Banco Sabadell, La Caixa, Efa Piñeiral, Seguridade A-1, Radio Melide ou R.

- **Oferta formativa**

En Asetem organizamos cursos formativos pensando nas necesidades dos nosos asociados: Escaparatismo, técnicas de venda, prevención de riscos laborais, oratoria, habilidades directivas, primeiros auxilios, redes sociais e internet...

- **Feiras, eventos e campañas**

Poñemos en marcha numerosas iniciativas ao longo do ano co obxectivo de dinamizar o tecido produtivo local e crear vida na comarca: Este Nadal toca en Melide, Bono Asetem, Unha voltiña por Melide, concurso de tapas de primavera e outono, En Melide todo o día, Salón da Voda, Mercamelide, Feira de maquinaria agrícola...

- **Cesión gratuita do local**

As instalacións de Asetem están a disposición das empresas asociadas sempre que o necesiten.

- **Bolsa de traballo**

Axudámosche a atopar o empregado que necesitas.



Aínda non lle ves as vantaxes?


Asóciate!!

CLINICA DE FISIOTERAPIA LAURA

981 50 72 81

Laura Ferreiro Varela
Fisioterapeuta colg. 992

plaza de las universidades, nº6, bajo
15800 MELIDE (A Coruña)

FISIO  *VIDA*

*Fisioterapia
rehabilitacion*

Paula García Vázquez
FISIOTERAPEUTA - Colg. 958

Tfnos.: **981 50 70 47 - 666 95 29 04** Florentino L. Cuevillas, 16 baixo
E-mail: fisiovidamelide@gmail.com 15800 MELIDE (A Coruña)

 **CLÍNICA DENTAL**
Dr. Karim Gamil Quintela

Karim Gamil-Ahmed Quintela
Odontólogo - N° de colegiado 1278

Ronda de Pontevedra, nº 32 - 15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: **981 506 244** - clinicakarimgamilquintela@hotmail.com

Miriam Gómez Carrascal
Nº Colegiado 27/1103



clínica dental zona vella
Tel: 981 505000_Rua Nova, 6 baixo_15800 Melide



 **ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA**



Ana Marcos Cardo
Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
15800 - MELIDE (A Coruña)
Tlf: 981 50 57 05



clínica dental



melident
laboratorio propio

- odontoloxía xeral
- ortodoncia
- implantes
- prótesis
- ortopantomografía

Tfno.: **981 507 508** - Rda. de Pontevedra, 67, b.
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno.: **981 516 601** - Rúa Casal de Munín, 2, b.
15818 BOIMORTO (A Coruña)

Coida a túa saúde en Melide

AHORA EN MELIDE

MULTIÓPTICAS

Tábora

Nº1 en servicios ópticos



Abrimos los sábados mañana y tarde

Multiópticas Tábor
Ronda da Coruña, 20 Bajo
15800 Melide- A Coruña
Tlfn.: 981 50 51 99

Multiópticas y
Microaudio

Vertidos fecais a carón do IES poñen de relevo os fallos no saneamento

O PSOE esixe unha solución urxente aos problemas da rede

O partido socialista de Melide volve poñer o foco sobre as deficiencias do sistema de saneamento municipal e advirte do risco que poden supoñer para a saúde os constantes problemas detectados na rede. O último, con consecuencias ben visibles, produciuse na contorna do instituto, onde foi localizada unha balsa con augas fecais de considerables dimensións.

Os vertidos atopábanse, máis concretamente, nunha parcela situada ao final da Avenida de Compostela, a carón da pista polideportiva do IES e a escasos 75 metros do centro de ensino e de varias vivendas unifamiliares. Segundo os socialistas, as causas da vertedura son a avaría dun colector e o deficiente funcionamento da estación de bombeo da zona, que provoca “o decorrer dos residuos pola superficie”. Isto deriva, ao

seu xuízo, da “neglixencia do goberno local”, ao que acusan de non realizar o mantemento axeitado nas instalacións.

Perigo para o Furelos

Os vertidos de augas fecais na zona non son un fenómeno puntual, senón que se levan producindo de forma reiterada nos últimos tempos, algo que corroboran os veciños do lugar e que supón un motivo máis de preocupación para os socialistas. O secretario xeral da agrupación, José Antonio Prado, asegura ter constancia de que as augas contaminadas xa chegaron ao río Martagona, afluente do Furelos, e advirte das consecuencias nefastas que podería ter para o uso da praia fluvial en tempo de verán.

Para evitar males maiores xa presentaron un escrito no Concello solicitando que se explique se era coñecida a

existencia dos vertidos e se constan análises da calidade das augas da praia fluvial no último ano. Tamén para instar a que se limpen os lodos e se actúe na rede. O mesmo fixo no parlamento galego o deputado Xosé Sánchez Bugallo, que se desprazou ata Melide para comprobar de primeira man o alcance dos vertidos.

Actuacións no Rañado

Namentres, o goberno local segue dando pasos para ampliar o servizo de saneamento na área urbana. A próxima actuación será no núcleo do Rañado, na parroquia de Santa María, uns traballos dos que se beneficiarán 24 vivendas e que proxectará e executará integramente a Consellería de Medioambiente. O proxecto estará redactado no prazo aproximado dun mes. Non hai data para o inicio das obras.



Balsa de auga con verteduras fecais no entorno do IES



Socialistas de Melide co parlamentario Xosé S. Bugallo

Sentan as bases para constituír en Melide unha asociación protectora de animais abandonados

En pouco máis dun mes APAM será unha realidade. Baixo estas siglas botará a andar na vila a Asociación Protectora de Animais de Melide, unha iniciativa única no cerne de Galicia que nace para cubrir unha necesidade e para darlle a todo tipo de animais sen fogar “o dereito a unha segunda oportunidade”.

Esa é a filosofía coa que Montse Sobrado e María Arias, dúas veciñas da vila, impulsan este proxecto co que lle queren dar cobertura legal e maiores garantías a un traballo que xa levan realizando dende hai tempo movidas única e exclusivamente polo seu amor aos animais. Recollen cans abandonados, aliméntanos, sácanos a pasear todos os días, desparasítanos, vacínanos e mesmo os levan a operar se se precisa. “Pagamos todo dos nosos petos e non podemos afrontar uns custos tan eleva-



María Arias, unha das impulsoras da protectora, na finca de Folladela onde coidan a varios cans

dos”, explica Montse Sobrado.

E iso a pesar da axuda que reciben, como a dun veciño da parroquia de Folladela que lles cedeu a parcela e as

instalacións nas que atenden na actualidade a 9 cans; ou a do Concello de Melide, que paga o penso, e a da Clínica Aldur de Pedrouzo, que lles fai

descontos nas consultas e tratamentos. Pero non abonda: “necesitamos socios e voluntarios”, asevera Montse.

Aí foi onde xurdiu a idea

de crear APAM, coa que xa se comprometeron arredor de vinte persoas e que lles permitirá tamén realizar adopcións e apadriñamentos baixo un número de rexistro, dentro da máis estrita legalidade e con todas as garantías para os animais: “faremos un seguimento dos cans porque non pode ser que o leves e que ao cabo de 15 días estea preso ou cheo de carrachas”.

Na axenda de APAM hai xa unha morea de proxectos: poñer en marcha unha web con información detallada dos cans en adopción, organizar un mercado anual de segunda man para recadar fondos, solicitar do Concello a cesión dunha parcela municipal ou realizar un censo dos cans e gatos do municipio para facer co tempo campañas de esterilización e castración. “Son moitas cousas para algo que aínda está empezando”, reconece Monste Sobrado. Sobre todo isto e sobre o futuro funcionamento de APAM informa todos os luns, mércores e venres de 11:30 a 13:00 no Edificio Multiusos.

Isabel Couso: “no voy a parar hasta que se arroje luz y se haga justicia”

Consegue in extremis que se paralice a poxa do seu local, hipotecado polos construtores aos que llo mercou

Ganou unha batalla, pero non a guerra. Isabel Couso, veciña de Melide, respira aliviada despois de conseguir no último momento que se paralizase a poxa do inmoble no que traballa e vive cos seus dous fillos; un baixo da Ronda de Pontevedra polo que pagou 258.000 euros e que foi hipotecado polos construtores que llo venderon (Martínez-Cordido S.L.) antes de que ela o escriturase.

A boa nova recibíaa diante dos xulgados de Arzúa, a onde Isabel se desprazou o 17 de decembro, día fixado para a poxa, coa intención de paralizala, solicitar audiencia coa xuíza e mesmo de encadearse ás portas do edificio se ningunha das súas peticións era atendida. Non foi necesario finalmente, pois pasados apenas 5 minutos das 10 da mañá, o avogado de Isabel saía á rúa para comunicarlle que a titular do xulgado de instrución

número 2 decidira paralizar temporalmente a poxa.

E así é tamén a alegría de Isabel Couso, “temporal”, tal e como recoñecía rodeada de amigos e familiares ao pouco de saber a nova da paralización: “no estarei satisfecha hasta que esto se resuelva”, declarou, “yo no tenía que estar aquí porque no le debo nada a nadie; solo quiero que el banco arregle con los constructores a los que les dio el préstamo, que se arroje luz sobre este asunto y que se haga justicia”.

Esa será a próxima batalla de Isabel, empeñada agora en que se acelere o proceso xudicial. Foi no ano 2011 cando presentou a denuncia contra os socios de Martínez-Cordido S.L. por estafa e insolvencia punible e dende entón agarda a que se inicie o xuízo oral. “Esos señores son unos ladrones y ya como prevención te-

nían que estar en la cárcel desde hace tiempo”, sinala.

Folga de fame

No punto de mira de Isabel Couso está tamén o Banco Popular, entidade á que acusa de actuar en complicidade cos promotores inmobiliarios e ante cuxa sucursal en Melide iniciou unha folga de fame solicitando que fose o propio banco quen paralizase a execución hipotecaria do seu local. “Esta entidad quiere robar mi propiedad en defensa de unos estafadores, sus clientes VIP”, rezaba unha das pancartas que acompañaban a Isabel na súa acampada diante da sucursal. Na mesma liña falan as súas propias palabras: “lo que veo mal es que la banca siempre gana”, declara, “si ha cometido un error dando una hipoteca a sabiendas de que el local estaba pagado y tenía dueño, ahora que asuma las consecuencias”.



Familiares e amigos acompañaron a Isabel nos xulgados de Arzúa



Isabel Couso en folga de fame diante do Banco Popular

FOTO-DENUNCIA

Dálle, que libras



As rúas de Melide son propicias para aplicar esa recorrente frase do “dálle, que libras”. Libras aquí, libras acolá e libras sempre, porque o fenómeno do mal aparcamento está tan estendido que calquera sitio vale. Todo vale, especialmente os domingos de mercado. Tan farto está o persoal, que nos vemos na obriga de traer aquí de novo un exemplo de falta de civismo no que un furgón está aparcado onde non debe, invade a calzada, corta o paso dos peóns e obriga aos vehículos que circulan a invadir o carril contrario. E aínda así librouse da multa. O dito: dálle, que libras.

O ambulatorio rexistra outro incidente ó quedar sen luz o servizo de urxencias

O pasado domingo 28 de decembro o servizo de urxencias médicas do ambulatorio de Melide quedou sen subministro eléctrico no que é un novo capítulo na ringleira de peripicias provocadas polo deficiente estado das instalacións.

O incidente transcendeu a través do PSdG local, quen denuncia que foron dúas horas as que o servizo estivo sen luz. Aseguran ademais que o xerador de corrente que debe activarse neses situacións tampouco funcionou, orixinando “importantes atrasos e molestias na prestación sanitaria á par que un potencial risco”. O secretario dos socialistas, José Antonio Prado, afirma que se trata dun problema habitual que o persoal sanitario “non conseguiu solucionar coma noutras veces” e apunta directamente como

responsable á alcaldesa, Ánxeles Vázquez, pola súa “ineficaz xestión” e por non poñer remedio aos riscos existentes “a pesar de ser denunciados con reiteración”.

Rexeitada no parlamento galego a moción de PSOE e BNG para que se constrúa un novo

O PP achega unha versión completamente diferente do sucedido e insta aos socialistas a exercer unha oposición responsable e a non verter “noticias alarmantes que nada teñen que ver coa realidade”.

Segundo o executivo local non houbo tal avaría e o único que aconteceu foi que baixaron

os automáticos por mor dunha sobrecarga na rede, deixando sen subministro os ordenadores de urxencias. Desmenten ademais que o servizo estivese sen luz dúas horas e fixan en 20 minutos a duración do corte: “o tempo que levou avisar a un electricista e este en desprazarse ao centro de saúde para avaliar a situación”. Por outra banda engaden que o xerador de corrente ten todas as revisións “ao día” e que só se pon en marcha cando se vai a luz xeral, non cando saltan os automáticos.

Á marxe da tormenta dialéctica, o PP vén de rexeitar cos seus votos no parlamento galego unha moción de socialistas e nacionalistas na que se solicitaba incluír 1 millón de euros nos orzamentos de 2015 para comezar a construción dun novo centro de saúde.

Sobrado terá menos edís na próxima lexislatura

A sangría demográfica que padece Galicia dende hai décadas ten tamén as súas consecuencias no eido político e nas corporacións que saíran das urnas o vindeiro mes de maio tralas eleccións municipais. Un total de 21 concellos de toda a comunidade perderán edís de cara á próxima lexislatura como consecuencia da mingua de habitantes. Entre eles está o de Sobrado, que no mes de maio pasará de 11 a 9 concelleiros tras perder 90 veciños durante o actual mandato municipal e quedar por debaixo da barreira dos 2.000, o límite que marca maior ou menor número de edís.

Se no ano 2011 vivían no municipio 2.055 persoas, na actualidade fano 1.965, segundo as últimas cifras oficiais de poboación publicadas no BOE. A caída demográfica de Sobrado non é

un feito illado. Na comarca, Santiso e Toques seguiron a mesma tendencia ao perder nesta lexislatura 105 e 61 habitantes respectivamente. Non obstante, non haberá consecuencias para as súas corporacións, pois os dous concellos xa estaban por debaixo dos 2.000 veciños nas anteriores eleccións e aínda superan amplamente a seguinte barreira, a dos 1.000 habitantes.

Melide, a excepción

O contrapunto ao triste panorama demográfico da comarca ponno Melide, que entre 2013 e 2014 ganou 265 habitantes, situándose á cabeza de Galicia en crecemento de poboación. Só o superaron Cangas, Teo e Ames. A súa corporación seguirá con 13 concelleiros, pois para pasar a 17 tería que ter máis de 10.000 veciños.

Santiso quiere dedicarlle unha rúa en Balada ao exalcalde Villar Edreira



Comezo da rúa que previsiblemente se dedicará a Villar Edreira

“Tendo en conta a tradición que hai neste concello de dedicarlle rúas ás persoas que exerceron o cargo de alcalde, propoñemos poñerlle o nome de Ramón Villar Edreira á que vai dende o serradoiro dos irmáns Segade Camino ata as últimas casas do lugar de Seoane”. Con estas palabras o actual rexedor de Santiso, Manuel Adán, manifestaba a

intención do goberno local de homenaxear cunha rúa ao que foi alcalde do municipio durante 28 anos, entre 1979 e 2007.

A proposta causou estupor nas bancadas da oposición, dende as que o Partido Popular criticou tanto a iniciativa en si como o feito de querer aprobala por vía de urxencia, algo que Adán xustificou pola pro-

ximidade das eleccións municipais: “queremos fuxir desas datas”, dixo, “o ambiente electoral estará caldeado e pódese interpretar que obedece a iso”.

O argumento non convenceu ao voceiro dos populares, Ovidio Leiva, quen cualificou de “pijotada” levar o asunto ao pleno por vía de urxencia. Pola súa banda Matilde Pallares acusou a BNG e PSOE de caer en contradicións: “isto xa se falou e os que estabades en contra agora queredes que se aprobe con urxencia. Non entendemos ese cambio radical”, argumento ao que Leiva engadiu “sabemos que está facendo campaña para vós”.

Finalmente, por recomendación da secretaria, o punto foi retirado da orde do día, pois a urxencia precisa ser aprobada por maioría absoluta e a ausencia do concelleiro socialista Daniel Roibás fixo que os votos do tripartito non fosen suficientes. O asunto retomarase no próximo pleno.

Alugan terreos no Careón para salvar flora en perigo

A Asociación Galega de Custodia do Territorio púxose mans á obra para recuperar especies de flora características da comarca que se atopan en perigo de extinción. Con tal obxectivo a entidade alugoulle recentemente ao Banco de Terras de Galicia seis parcelas dentro do espazo natural protexido da Serra do Careón. Os terreos atópanse, en concreto, na parroquia de Barazón (Santiso) e destinaranse á conservación e recuperación de tres plantas endémicas “criticamente ameazadas”, segundo a Unión Internacional para a Conservación da Natureza.

Trátase da *Armeria merinoi*, semellante á herba de namorar e con poboacións non superiores aos 600 exemplares; da *Santolina melidensis*, que coas súas pequenas flores amarelas e laranxas foi a que maior re-

troceso experimentou nos últimos anos, e a *Leucanthemum*, semellante ás margaridas. Estas tres especies medran só na Serra do Careón, favorecidas pola peculiaridade dun terreo no que as chamadas rochas serpentinas, coa súa toxicidade natural e baixa fertilidade, contribúen ao nacemento de ditas plantas.

Este proxecto da Asociación Galega de Custodia do Territorio, liderado polo presidente da entidade e por catro botánicos da Universidade de Santiago, atópase aínda nunha fase inicial. Con todo, os responsables agardan que o Banco de Terras lles alugue outras dez parcelas para recuperar máis especies e non descartan mercar algúns terreos no futuro. Realizarán ademais actividades de sensibilización nos colexios da comarca.

A Xunta acomete obras de mellora no Virxe do Portal



A delegada provincial, Belén do Campo, supervisou os traballos

A Consellería de Cultura e Educación aproveitou as vacacións de Nadal para realizar algúns traballos de mellora no colexio de ensinanza infantil e primaria Virxe do Portal, en Sobrado. En concreto, as obras consistiron na renovación da fontanería do edificio, dos alicatados e do pavimento da entrada; unha actuación para a que a consellería desti-

nou 12.000 euros.

A delegada da Xunta na provincia, Belén do Campo, visitou centro acompañada polo alcalde do municipio, Jacobo Fernández, e subliñou que o goberno autonómico “está a dar resposta ás necesidades educativas detectadas na provincia e cumprindo os compromisos adquiridos cos traballadores e coas AMPAS”.

Adán aspira a deixar pechados esta lexislatura os contratos de servizos básicos

O alcalde de Santiso, Manuel Adán, e o seu equipo de goberno afrontan o tramo final do mandato coa intención de completar a contratación de certos servizos básicos que se veñen prestando no Concello. Entre eles están a recollida do lixo ou a axuda no fogar, que nestes momentos é a máxima prioridade: “podemos perder a subvención que recibimos se non existe un contrato en vigor”, explicou o rexedor, que se viu na necesidade de aprobar un recoñecemento extraxudicial de crédito por valor de 24.077 euros para pagar facturas pola prestación de ditos servizos. “Oxalá os deamos contratado todos no tempo que queda, aínda que o vexo difícil”, sinalou. Funcionarios municipais estiman que o contrato de axuda no fogar estará listo a finais de xaneiro.

Repartidores de agasallos e música no Nadal da escola de Visantoña



O elenco de repartidores internacionais de agasallos, expectantes ante a chegada do Apalpador

Os Reis Magos e Papá Noel tiveron máis doado este ano no concello de Santiso. E todo grazas á axuda dunha boa recua de repartidores de agasallos chegados de todos os puntos do planeta que fixeron acto de presenza o 21 de decembro na gala de Nadal da escola de música “Eugenio Pazos Reyes”, celebrada no local social de Visantoña.

O olentzero, unha fada italiana que reparte en aspiradora por mor da globalización, as repartidoras rusas motorizadas, as xaponesas, as dos Países Baixos, o andaluz... foron desfilando uns tras doutros ata recibir a chegada do Apalpador e argallar a idea de crear un grupo de repartidores no Whatsapp para estaren mellor comunicados.

Debaixo do mantelo estaban os alumnos e alumnas da escola de música de Visantoña, que nos deixaron unha mensaxe sobre a deturpación das tradicións nos tempos modernos á vez que foron introducindo diversas actuacións musicais: a dos pianistas, a do quinteto de clarinetes, a do grupo de metais e a do grupo de percusión.

Os xogos populares buscan a complicidade institucional



Xornada de xogos tradicionais na Praza do Convento (Melide)

A Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT) centrará nos próximos anos a súa acción estratéxica nos medios de comunicación e no ámbito institucional coa idea de deseñar un plan global de recuperación do xogo tradicional. Esa é a meta que se fixou dende o colectivo na súa XI asemblea anual, que se celebrou o pasado 10 de xaneiro na Adega O Mandil de Melide. Paralelamente seguirá desenvolvendo actividades de campo, dirixidas principalmente a nenos e nenas e ao profesorado.

Dende que foi fundada no ano 2003, a AGXPT desenvolveu máis de 400 actividades de divulgación do patrimonio lúdico galego, contribuíndo á recuperación da práctica de moitos xogos tradicionais que estaban a quedar no esquecemento.

Chega ao concello de Toques a administración electrónica



Algunhas das xestións que se poden realizar na sede electrónica

Consultar expedientes, obter volantes de empadramento, presentar instancias e solicitudes, inscribirse en actividades deportivas... son só algunhas das xestións que os veciños e veciñas de Toques poden realizar dende xa sen necesidade de acudir ás oficinas municipais. Simplemente a golpe de click. Así é dende finais do mes de decembro, cando se rematou de implantar no concello a sede electrónica, á que se pode acceder a través da web www.toques.es e que permite realizar trámites con maior axilidade mediante a acreditación con DNI ou certificado electrónico. Coa incorporación de Toques son 75 os concellos da provincia que ofrecen este servizo, que botou a andar en Mugardos en xullo de 2012. En Melide, Santiso e Sobrado tamén está operativo.

Axuda medioambiental

Os Concellos da Terra de Melide e arredores recibirán da Deputación preto de 50.000 € para investir en proxectos relacionados co medio ambiente. Proceden dun plan ideado polo organismo provincial para municipios con menos de 20.000 habitantes e distribuiranse do seguinte xeito: Melide, 6.700 € para a adquisición de contedores de recollida selectiva de lixo; Santiso, 6.789 € para investimentos ambientais; Toques, 6.786 € para contedores de vidro e residuos orgánicos; Vilasantar, 6.780 € para a mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública; Arzúa, 6.789 € para a adquisición de papeleiras e O Pino outro tanto para accións de conservación natural.

Eleccións de cazadores

A Asociación de Caza de Santa María de Barazón (tecor Santiso) manterá aberto ata o 17 de xaneiro o prazo de presentación de candidaturas para as eleccións á xunta directiva que se celebrarán o próximo 14 de febreiro. Os requisitos par presentarse son atoparse ao corrente dos pagos da cota, estar federado e que todas as candidaturas teñan polo menos un socio dos cotos de Vimianzo, Barazón, Santiso e Visantoña. As persoas interesadas en formar parte dunha candidatura teñen que poñerse en contacto con calquera dos membros da xunta electoral actual.

Mesa de negociación

A Organización de Produtores Lácteos (ULEGA), impulsada por Unións Agrarias (UU.AA) convocará este mes á industria que recolle o leite en Galicia para que se aplique a lexislación vixente e se asinen “contratos de duración mínima dun ano” que garantan a recollida e cubran ademais os custos de produción. O obxectivo final é rematar cos denominados “contratos basura”, con prezos por debaixo dos 30 céntimos por litro de leite. O sindicato anuncia que se a industria non accede a negociar, convocará para o 30 de xaneiro a asemblea de ULEGA, que agrupa a máis de 2.100 produtores para poñer en marcha mobilizacións, “sen excluír unha folga de entrega”.

Asemblea de troiteiros

A Asociación de Troiteiros “Río Furelos” convoca para o 24 de xaneiro a XII Asemblea xeral, que se celebrará no salón de actos do Multiusos de Melide ás 16:00 en primeira convocatoria e ás 16:30 en segunda. Os puntos recollidos na orde do día son os seguintes: lectura e aprobación da acta anterior, informe das actuacións da directiva en 2014, cota de socio para a tempada 2015, aprobación dos orzamentos para o ano 2015, actualización da lista de socios, actividades programadas para o presente ano e rogos e preguntas. Permítese a delegación de voto para os socios que non poidan asistir.

AULA ARROLAR, un espazo educativo que nace co obxectivo de acompañar aos pais na educación dos seus fillos dende o seu nacemento, a través de actividades dirixidas ao desenvolvemento integral do neno nun ambiente agradable onde se sinta seguro.



1 Un espazo para intercambiar opinións, resolver dúbidas, aprender e compartir un tempo con outros pais e nenos.

2 Ven, infórmate e participa sen nengún tipo de compromiso.

3 Ao rematar o mes, ti decides se queres seguir formando parte do proxecto AULA ARROLAR.

ESPAZO EDUCATIVO Ronda de Pontevedra nº 8. MELIDE 605 889 738



para familias con nenos/as de 0 a 6 anos + para nenos/as de primaria

OFERTA ESPECIAL



Colchón Visco

99€



Cabezal 1,35 m.
forja oro viejo

59€

Mesita de noche
forja oro viejo

49€



electrosanmelide@gmail.com

Tlf: 981 507 964
C / Martagona, 13 MELIDE



HOTEL BALNEARIO RIO PAMBRE ★★

Vilariño (San Breixo). Palas de Rei. 27203 Lugo
Telf.: 982 37 41 35 / Fax.: 982 37 40 98
E-mail: info@balnearioriopambre.com
Web: www.balnearioriopambre.com

VENDO CHALÉ EN MELIDE OU PERMUTO POR TERREO FORESTAL



150 M²

**300 M²
DE PARCELA**

**1.200 M² APROX.
DE TERREO**

*Camiño de Ferreiros, n° 1
(Urbanización Taboada Roca)*

TLF.: 636 99 83 74



Rúa Principal, 6 - MELIDE
Telf: 696 77 41 63

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
M vil:678 543 240

Pol gono Industrial do Tambre
V a Galileo,9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
Muga
Obalo
Arnegui
Azpilicueta
Rioja Bordón
Ramón Bilbao
Marqués de Terán
Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
PradoRey
Cruz de Alba
Condado de Oriza
Dominio de Atauta
Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
Monteblanco

D.O. Ribeiro
Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia,
Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Fariña

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
La Ossa
Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
Lusco
Veigadares
Terra D´Ouro
Viña Sobreira
Mar de Frades
Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras

II RODEO



TORO LOCO®

SABADO 7 DE FEBRERO

¡¡VUELVE EL TORO A MELIDE!!

TORO MECÁNICO
REGALOS

MÚSICA
LIMUSINA
AZAFATAS

DISPREMIUM

 **dispremium**



Bidi
by Rqr

*O teu novo
pub en
Melide*



Un novo pub aterra na movida de Melide: BIDI. Valo perder????

Festas, actuacións en directo, gogós, azafatas, agasallos....

Ven a gozar con nós da mellor música e das mellores noites da fin de semana!!!



Toro Loco é a bebida enerxética do momento e como todo aquilo que triúnfa, non podía faltar nas noites da mellor zona de movida de Galicia:

MELIDE!!

O Nadal foi tempo de rodeo para os aguerridos mozos e mozas que quixeron retar a forza do touro na carpa instalada en plena zona dos pubs. Por cada consumición de Toro Loco, un pase para o rodeo!! E vaia se descubrimos bos xinetes!! Enerxía dende logo que non lles faltaba...

O rodeo volve a Melide o 7 de febreiro. Anímaste a participar?

*De
Luxe*

Melide

Dende a dirección do Pub De Luxe queremos darvos as grazas a todos e todas por ter asistido á nosa FESTA de ANIVERSARIO

Contamos con vós para as festas de Entroido e, por suposto, tamén agardamos que nos sigades visitando cada fin de semana!



Sen trampa nin cartón: Melide busca sitio no panorama nacional da maxia

A II Gala Máxica reuniu artistas de recoñecido prestixio

“Si no podemos hacer cosas grandes, hagamos cosas pequeñas, pero de forma grande”. Sobre o escenario da Casa da Cultura, o mago cubano Raúl Camagüey proclamaba e aplicaba dita máxima para sorprender a cada paso cos seus trucos ao numeroso público que acudiu á Gala da Maxia de Melide. Na súa segunda edición, celebrada o día 3 de xaneiro, o evento congregou sobre o escenario a cinco magos profesionais que, cun prestixio avalado por numerosos premios, contribuíron a que Melide subise un chanzo máis nas súas aspiracións a converterse nun referente da maxia a nivel nacional.

Parte da responsabilidade tívola o mago profesional máis novo de Galicia, que non é outro que Dani Polo, veciño da vila que se presentou ante o seu público tras ter conse-

guido o segundo premio no Encontro Internacional de Maxia de Almussafes, o que supón un importante paso na súa incipiente carreira. Precisamente foi o número que lle valeu dito recoñecemento o que sacou a escena, un espectáculo de ilusionismo no que fixo aparecer e desaparecer varias pombas.

O propio Raúl Camagüey, saído do Circo Nacional de Cuba e con preto de 25 anos de experiencia profesional, tamén puxo o seu gran de area cun show de corte familiar no que fixo valer as súas dotes para a maxia de rúa, especialidade na que foi premiado internacionalmente. Buscando constantemente a complicidade do público, o seu foi un espectáculo repleto de humor e con referencias á actualidade social e política.

Xusto nas antípodas se si-

tuou a proposta do valenciano Nuel Galán, premio nacional en España e Francia, que apostou por unha maxia de escena moderna, exenta de palabra e puramente visual. Completaron este elenco de categoría Alenxander-G e o Mago Rafa, creador da única escola de maxia de Galicia.

Pero se algo caracteriza a maxia é a súa capacidade para superar límites. E iso mesmo fixo cos propios muros da Casa da Cultura para asolagar outros espazos da vila ao longo desa fin de semana. O Cantón de San Roque, a residencia da terceira idade e a zona dos viños foron algúns dos lugares ata os que se levou esa maxia de proximidade que acontece ante os nosos ollos sen atoparlle explicación. E para ir creando escola, tamén durante dous días se programaron obradoiros para os máis cativos.



Dani Polo, Camagüey, Mago Rafa, Nuel Galán e G-Alexander



A maxia chegou tamén á zona vella. Na imaxe, Raúl Camagüey

Leccións de solidariedade no N° 1

O colexio organizou un mercado en beneficio de Cáritas



Mestras do N° 1 coa presidenta de Cáritas no acto de entrega de alimentos

Nas aulas das escolas de Melide non só se adquiren coñecementos, senón tamén valores. É algo que ten moi claro a comunidade educativa do colexio N° 1, que quixo aproveitar o tempo de Nadal para inculcar a solidariedade entre o seu alumnado e transmitir a importancia de colaborar cos que menos teñen.

Partindo desa idea, o centro organizou nos días previos ás vacacións un mercado solidario coa intención de encher as despensas de Cáritas Parroquial. O escaparate de produtos á venda foi do máis variado: roupa, calzado, libros, xoguetes e os produtos elaborados polos propios cativos en obradoiros de encadernación, bixutería e

reciclaxe. A peculiaridade é que non se pagaba en euros, senón no seu equivalente en alimentos. Así foi como se lograron xuntar máis de 40 caixas de alimentos. A idea, que partiu do equipo da biblioteca, foi todo un éxito, o que garante que para o ano se volva dar no N° 1 unha nova lección de solidariedade.

Xornada de cine en Lugo grazas á axuda dos campións



Os cativos e cativas do N° 2 gozaron dunha xornada no cine

Velaquí unha foto de agradecemento. O que fan os cativos e cativas do colexio da Martagona a Jesús Ferreiro e Javier Anido, vixentes campións de España de vehículos históricos. Grazas á súa colaboración foi posible que todos eles gozaran dunha tarde de cine nas Termas. Máis de 200 bolsas-mochila vendidas cun deseño elaborado polos propios campións e unha xornada de exhibición no Pazo de Congressos permitiron reunir os cartos suficientes para que 75 persoas, entre pais e alumnos, se desprazaran ata o centro comercial lucense. Despois da boa experiencia, a ANPA co Colexio N° 2 traballa xa para poder repetila en Semana Santa.

Melide tamén ten o seu conto de Nadal



Concello de Melide



Turismo Melide



Turismo Melide

Todo bo conto que se prece require un escenario para os seus protagonistas. O do Nadal en Melide foino debuxando pouco a pouco na súa cabeza un artista local, David López Pulleiro. En chegando o momento, abriulle as cancelas á creatividade para materializar todas esas ideas gardadas nun belén xigante que centos de veciños puideron admirar nos baixos da casa do Concello. E foi entón cando comezaron a escoitarse ao lonxe os sons do Nadal; primeiro os dos instrumentos do alumnado do conservatorio, que co seu tradicional concerto foron os encargados de anunciarnos a chegada das festas, e despois os das voces da Coral Polifónica e das agrupacións convidadas ao tamén tradicional Certame de panxoliñas. Comezamos a ver, a ulir e a saborear o Nadao mercado da Praza do Convento.



E xa metidos de cheo nese tempo que nos cambia por uns días os hábitos e o espírito empezaron a sucederse as actividades programadas dentro do “Nadal Cultural”; pasaxes diferentes dun mesmo conto nas que os protagonistas foron unhas veces os adultos e outras os máis cativos. Non houbo mellor maneira de espelir o frío do Pazo de Congresos cá música de Pesdelán e o obradoiro co que puxo a bailar a todo canto pasaba por alí. Coa dozura da súa voz a cantante Uxía amornou a Casa da Cultura e fixo subir aos pequenos da vila a “unha locomotora chea de alegría e cancións divertidas”. E coma se colleramos impulso para afrontar con enerxías o 2015, celebrouse no último día do ano a carreira de San Silvestre, que tamén aquí comeza a ser unha tradición. Sen présas nin competencia. O ano esgotaba o tempo.



Concello de Melide



Sempre hai quen baile cando o resto dorme; os contos nunca fican parados. Os maiores do Centro social colleron o relevo dos máis novos para participar no brinde de aninovo e da festa posterior. Tamén foi unha festa a chegada dos Reis Magos á vila. Fixéronse agardar, mais a visita valeu a pena: rúas ategadas de xente e tanta e tanta ilusión sobre o colo de Melchor, Gaspar e Baltasar na igrexa parroquial. Para celebrar a súa chegada, a Asociación Cultural Herba Grileira botouse á rúa. Déronlles licenza na zona dos viños para cantar os reis e con eles escoitamos os últimos sons do Nadal. O que aconteceu na mañá do 6 de xaneiro xa é outro conto...

Boas sensacións para os de Escuela Ayude na liga galega de miniesgrima

Os tiradores de Escuela Ayude quentan motores para asaltar os podios do panorama autonómico e fano con boas sensacións. Son as que deixou a 2ª edición da Liga Galega de Miniesgrima, que se celebrou no pavillón municipal de Melide o 20 de decembro e onde Edgar Castro deu a sorpresa da xornada ao conseguir meterse na final. Perdeu por unha estreita marxe, 10 a 9, pero conseguiu a súa primeira medalla de prata nesta competición, o que evidencia segundo os técnicos da escola “a súa boa progresión”. Na mesma liga Nahum Ayude conseguiu o bronce, Nerea Iglesias quedou en 5ª posición e Marcos Villamor no 6º posto.

A nivel nacional, Aron e Cora Ayude desprazáronse a Madrid para disputar unha proba e conseguir o maior número de puntos posibles de cara á clasificación para o campionato de España en categoría junior. Arón, que está no posto 47 de 158, teno a tiro de pedra. Cora, 86 de 167, terá que botar o resto na última proba para conseguilo. Por outra banda, o director da escola, Jose Ayude, participou nun seminario de taekwondo con Nicolás García, prata nas últimas olimpíadas.



Alumnos da escola na liga galega de miniesgrima



Ayude, coa elite do taekwondo e da espada coreana



Cora e Arón Ayude no ranking nacional junior

CURSO: ALERGIAS E INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS EN EL RESTAURANTE

FORMACIÓN
SOBRE
NORMATIVA

NUEVA NORMATIVA

UE/1169/2011, entró en vigor el 13 de Diciembre sobre “Alérgenos a intolerancias alimentarias en Restauración”

El reglamento UE 1169/2011 obliga a los establecimientos de hostelería a tener información de los platos que contienen alérgenos para que cualquier consumidor sepa lo que puede y no puede comer en igualdad de condiciones que otro, sin tener que identificarse o pedir un trato especial.

¿Cómo afecta al local de hostelería?

Le afecta en varios niveles:

- **Proveedores:** hay que revisar los productos reelaborados de los proveedores tales como salsas, etc. para comprobar que no contienen estos alérgenos o, si los contienen, informar debidamente al cliente.
- **Empleados:** tenemos que ser capaces de garantizar unas prácticas de manipulación correctas para evitar los cruces y las situaciones de riesgo. Desde este punto de vista es básica la formación del personal, puesto que nos evitará reclamaciones o situaciones de riesgo.
- **Locales e instalaciones:** deberán contar con las medidas de prevención adecuadas en las cocinas para garantizar la seguridad alimentaria de cara a los clientes más sensibles, como son los alérgicos.
- **Consumidores:** deben estar debidamente informados para poder comer en los establecimientos de hostelería en unas condiciones óptimas de seguridad alimentaria.

¿Qué conseguiremos con esta formación?

El alumno será capaz de conocer las principales alergias e intolerancias alimentarias, interpretar correctamente el etiquetado, además de adquirir los conocimientos sobre los controles y buenas prácticas necesarios en restauración para evitar la contaminación cruzada por alérgenos. También será capaz de buscar alternativas para la preparación de los platos de las personas alérgicas o intolerantes.

Al finalizar este curso se les entregará, junto con el diploma acreditativo, un cartel informativo de cara a sus clientes junto con su carta actualizada identificando claramente los alérgenos.

DURACIÓN: 3,5 horas presenciales
PRECIO Y FECHAS: consultar

INSCRIPCIONES E INFORMACIÓN
formacion@plagostel.com
986 118 714

Plagostel
M.A.S. 10177-GAL-SP31
calidad e higiene alimentaria
www.plagostel.com

Propósitos para 2015

María Mellid (licenciada en ADE)

Rematou o ano, un 2014 caracterizado pola persistencia da mala situación económica, acompañada na nosa realidade máis próxima por un elevado desemprego, polos conflitos bélicos que están vivindo un novo rexurdir na actualidade mundial ou pola presenza de epidemias devastadoras que acaban con numerosas vidas pese ó esforzo de milleiros de persoas que loitan contra elas. Un ano que, botando a vista atrás e cunha visión xeral, non nos dá moitas razóns para lembralo con cariño nin tampouco para ser moi optimistas no futuro... ou si?

O novo ano chega cos tradicionais propósitos e boas intencións propias destas datas que, cada un de nós, a nivel particular e IRREMEDIABLEMENTE, nos facemos; moitos deles repetitivos: deixar de fumar (ou de “vapear”, como en todas as cousas, nos “vicios” tamén se innova), facer máis deporte para perder eses quilos de máis, froito das festas de Nadal ou tamén dos 350 días anteriores ás mesmas; volver a estudar para manter a nosa mente activa, ou, incluso, ter un mellor comportamento fronte ó próximo e encarar esta nova etapa cunha actitude máis positiva e “zen”, que dirían as persoas modernas.

Independentemente do



nivel de seriedade e compromiso co que planeemos na intimidade os nosos propósitos de Ano Novo, gustaríame pensar que todas aquelas persoas que contan cunha responsabilidade de certa entidade, en calquera lugar, xa sexa profesional ou política, para poder cambiar ou influír na sociedade tiveran tamén os seus propósitos de Ano Novo para poder melloralas; que contaran con forzas renovadas para darlle un novo rumbo á realidade que vivimos buscando a paz, a saúde, a calidade de vida das persoas ou o respecto ó planeta que, pouco a pouco e entre todos, estamos envelenando. E vou parar xa, porque como siga nesta liña, esta pequena intervención vai

parecer o tan manido discurso dos concursos de beleza, onde cada participante desexa, sobre todas as cousas, a “paz mundial”; como se este fora un só problema cunha soa solución.

De todos os xeitos e, para rematar, é ben certo que para iniciar unha nova etapa ou establecer un cambio de actitude, xa sexa a nivel persoal ou social, fai falla un punto de partida, así que desexemos que este inicio do ano 2015 poida ser ese tan ansiado comezo. Desde esta páxina, polo tanto, deséxovos sorte para manter os vosos obxectivos e propósitos e moita constancia para traballar na súa consecución, que sabemos é o máis difícil. Feliz 2015!

Merlo rieiro (*cinclus cinclus*)

Xavier Pazo, Asociación “Río Furelos”

O merlo de río é a única ave paseriforme adaptada á vida acuática. É un paxaro con patas provistas de dedos independentes, a pesar das súas costumes natatorias, e cun pico curto e recto. Predominan nel os tons escuros, como ferruxinosos, que na cabeza, no lombo e partes medias aclaran un pouco. Pero o detalle que mellor o distingue é o amplo babei-ro branco do que presume. Tamén existen outras características que o diferencian: voa rápido a escasos centímetros da auga –sempre seguindo o seu curso– e emite uns sonoros reclamos agudos.

O merlo de río é unha ave moi confiada que nos deixará ver como se mergulle, anda baixo a auga e rebusca polo leito, incluso movendo pedras non moi grandes para atopar alimento, sempre contra corrente. Como é posible que un paxaro burle a leis da

flotación? Parece demostrado que o segredo reside no aproveitamento da forza das correntes. Cando saen da auga non quedan mollados: unhas pequenas gotas esvaran pola engraxada plumaxe, capaz de reter tamén pequenas cantidades de aire; sistema para a conservación do calor corporal.

Podemos atopar niños deste paxaro, distribuído por toda Europa e gran parte de Asia, entre os 300 e os 2.000 metros de altitude. Senten predilección polas fervenzas e rápidos, pequenas covas naturais e tamén artificiais (buratos nas pontes, canles...), rochas e ramaxe próxima á auga. A construción é moi característica: un voluminoso niño en forma de globo cun orificio redondo na parte superior, empregando sempre musgo.

Se vemos este paxaro polo río, significa que hai vida.



Un antigo emprendedor de Visantoña

Xosé Núñez López, escritor

Adalberto Iglesias Mato naceu na illa de Cuba, a onde emigraran seus pais, Xosé e Xosefa. Ao non facer fortuna na illa retornaron para a súa parroquia de procedencia, Visantoña, con ese fillo e outro máis chamado Francisco. Adaptáronse a vivir na aldea de novo e o pai de Adalberto, ademais de traballar algunhas terras, comezou a exercer o oficio de xastre na súa casa.

Pero Adalberto necesitaba facer algo máis; quería dispoñer de diñeiro propio e, como o oficio do pai non era a súa vocación, saíu traballar como

xornaleiro para gañar unhas pesetiñas das de entón. Máis o traballar no campo non era para el e comezou a estudar música, chegando a formar parte da Banda Popular de Música de Visantoña. Tampouco isto enchía as súas aspiracións, polo que aprendeu o oficio de zapateiro e instalou un sinxelo obradoiro nun alpendre da casa dos seus pais, en Seoane. Alí traballou durante algún tempo. Tampouco lle pareceu rendible este oficio nunha aldea illada e sen que poidamos saber de que medios ou contactos se valeu,

da noite para a mañá trasladou o obradoiro para Cedeira.

A mediados da década dos anos trinta regresa Adalberto da súa frustrada experiencia como zapateiro e con outro socio da parroquia de San Martiño das Varelas, intenta a grande aventura de montar nada menos que o primeiro cine de Melide, sen contar sequera cun local. Pero coa ousadía e coraxe sen límites de Adalberto, constrúen nun descampado inmediato á vila (hoxe a Rúa do Sol) unha nave feita con táboas de piñeiro. Así comeza a funcionar a gran-

dísima novidade de Melide: un cine. Alí iamos os rapaces de entón ver as primeiras películas da nosa vida. Non recordo canto tempo durou aquel cine. Posiblemente foron poucos meses, xa que axiña comezou a funcionar o Cine Capitol no primeiro piso dun edificio da Rúa do Progreso, e reunía unhas mellores condicións de audición e confort.

Pasaron algúns anos sen que os amigos souberamos por onde andaba Adalberto, cando apareceu de novo pola parroquia. Ao saudalo e preguntarlle pola súa vida, respondeume entregándome unha tarxeta pola que souben que montara unha moderna fábrica de leite en Ourense. Máis tarde casou

cunha muller da parroquia de Campos e emigraron a Cuba, onde montaron algún negocio, ata que chegou a revolución de Fidel Castro e deciden regresar a España. Fixaron a súa residencia en Bilbao, onde Adalberto faleceu hai xa moitos anos.

A historia deste amigo, con raíces na parroquia de Visantoña e cuxa vida ben dá para escribir unha novela, fixo que Adalberto formara parte desas persoas que deixaron pegada profunda nesta terra. Por iso foi inserido nas páxinas finais do libro “Historia dunha parroquia do interior rural galego”, do que este servidor é autor e cuxa obra quedou finalista do XII Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais.

SUSANA CARRIL, PRODUCTOS DE PERRUQUERÍA E ESTÉTICA “SUSANA”

“Os produtos que vendo son de máxima garantía e ofrecen mellores resultados”

A súa carreira profesional comezou entre tesoiras, secadores, pinzas e bandas de depilar, pero axiña decidiu deixar os peiteados a un lado para darlle un novo enfoque á súa vocación. Así foi como hai pouco máis dun ano Susana Carril abandonou a súa vida na Coruña para abrir en

Melide a única tenda especializada en perruquería e estética que existe na vila. Situada na Rúa do Progreso, é un pequeno universo de produtos profesionais e de “máxima garantía” que dan sempre un bo resultado: “hai que pagalos un pouco máis pero a diferenza é moita e nótase”.

-A estética e a perruquería abranguen un mundo de produtos. Cales son os que podemos atopar na súa tenda?

-Susana Carril (S.C.): por mencionar só algúns, no que a perruquería se refire, vendo dende tinturas, xampús, tratamentos capilares, cepillos, lacas e espumas ata ampolas anticaída, produtos desrizantes... Dentro da estética, teño todo tipo de maquillaxe, pinceis, cremas para o corpo e para a cara, limas, artigos para depilación, colonias... son moitas as cousas que pode atopar o cliente.

-En que se distingue da tradicional droguería?

-S.C.: O meu negocio é unha tenda especializada que en nada se parece a unha droguería. Vendo produtos de uso profesional, que ofrecen as máximas garantías e que dan uns resultados moitos mellores. Por exemplo, os xampús que teño son específicos de perruquería e non se atopan en ningunha tenda ao uso ou nun supermercado. Coas tinturas para o pelo ou co resto de tratamentos acontece o mesmo. Son produtos máis caros pero a diferenza cos outros é moita e nótase. Eu antes de montar esta tenda, hai un ano e medio, compraba o mellor xampú que atopaba no supermercado e non notaba que me fixera nada no cabelo. Agora iso xa non me pasa.

-Vende produtos profesionais pero é unha tenda aberta ao público en xeral, non si? Cal é o perfil de cliente?

-S.C.: Si, hai perruquerías que mercan aquí pero a maioría son clientes da rúa. Veñen moitas máis mulleres ca homes: xente nova ata os 35 anos



Susana na tenda especializada en perruquería e estética que abriu en outubro de 2013

e logo xa pasamos a persoas de máis de 50. Eses son os perfís que predominan. Sorprendeume ao principio que viñese tanta xente maior, pero vese que levan toda a vida amañándose na casa e ségueno a facer: elas mesmas cortan o pelo, tinguense, poñen os tubos... e fano moi ben!

-Piden moitos consellos?

-S.C.: A maioría da xente vén coas ideas moi claras, pero cos tipos de xampús, coas mascarillas, as cremas e as tinturas si que piden consello. No caso da maquillaxe moito menos... Para aconsellar hai que coñecer ben os produtos que tes entre mans porque se te equivocas podes facer que unha señora remate co pelo verde! Nese caso a min axúdame moito que son perruqueira e esteticista. Levo neste mundo

dende os 18 anos, traballei en diferentes lugares antes de abrir a tenda e sei o que é máis axeitado para cada tipo de pel e de cabelo.

-Nota que a clienta vén influenciada polas revistas, a televisión ou a gran pantalla?

-S.C.: Si, claro. Aquí chega moita xente cunha foto e di: “quero esta cor de pelo”. Coa maquillaxe parece que non somos tan influenciados. Cada muller ten os seus trucos, uns gustos persoais definidos e non se nota tanto.

-Que foi o que a levou a deixar as perruquerías para montar un negocio?

-S.C.: Aínda non o teño moi claro... foi algo que pensei de repente. Na miña casa apoiáronme e alá fun. Vivía na Co-

ruña e vinme para aquí para montar a tenda. Escollín Melide porque era un sitio que xa coñecía; vivín aquí dende os 5 aos 8 anos e ademais teño familia en Visantoña. Perruquería non quixen montar, porque xa hai moitas, e entón foi cando o enfoquei cara a unha tenda. Levo un ano e tres meses e de momento estou contenta, aínda que ao principio empecei con medo porque todo eran gastos.

-Que espazo hai para os homes no mundo da estética e da perruquería?

-S.C.: Pouco, de momento, pero cada vez máis. Os homes tamén se coidan e hai moitos mozos novos que alisan o pelo, que compran acondicionadores, xampús hidratantes... Para facer os peiteados que se levan agora, con tupés, non

“Teño xampús específicos de perruquería que non se atopan en tendas ao uso ou supermercados”

“Sorprendeume cando abrín a tenda que viñese xente tan maior; amáñanse na casa e fano ben”

lles queda outra ca coidar o pelo. Ao mundo da estética tamén se van incorporando pouco a pouco: botan cremas, depílanse...

-Cal é o produto estrela da túa tenda?

-S.C.: Eu diría que os produtos para desrizar o pelo. Hoxe en día a xente quere o liso. Sempre pasou que quen o ten liso, quere o rizo e quen o ten rizo, quere o liso. Semella que nunca estamos contentos co que temos, pero afortunadamente é posible conseguir o que queiramos mercando e utilizando os produtos axeitados.

Susana

**Tlf: 666 123 740
Rúa do Progreso, 27**


MOBLES ARES MOBLES ARES MOBLES ARES MOBLES ARES MOBLES ARES

MOBLES ARES MOBLES ARES MOBLES ARES MOBLES ARES MOBLES ARES

ATA O
50%

Rebaixas

Dende o 15 de xaneiro
ao 28 de febreiro de 2015



MOBLES ARES

Tfno./fax: **981 50 55 64**

mobles@moblesares.com

Ronda de A Coruña, 62

Rúa Florentino López Cuevillas, 12
15800 **MELIDE** (A Coruña)

Tamén abrimos os domingos de 10:00 a 14:00 h.